



## Concello de Cangas

*Expediente núm.: 1299/2021*

*Procedemento: PS-21/02 Selección de 1 director/a e 13 monitores/as de Tempo Libre (Enredos de Verán 2021)*

*Asunto: Sorteo público*

De conformidade co establecido nas bases aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/05/2021, que rexen o proceso de selección de 1 director/a e 13 monitores/as de Tempo Libre para o programa Enredos de Verán 2021 con previsión de lista de agarda, á vista de que unha vez rematada a baremación varias das **persoas aspirantes quedaron empatadas na listaxe para cubrir as prazas de monitores/as pola quenda libre**, empates que varios deles non se poden desfacer cos dous primeiros criterios establecidos na base sétima (puntuación acadada na experiencia profesional o na formación académica), o tribunal de selección ACORDA:

Realizar un **SORTEO PÚBLICO** que terá lugar o vindeiro día **18 de xuño de 2021 (venres), ás 11 horas, no salón de Plenos do Concello**, podendo asistir por tanto calquera persoa que o desexe.

Neste sorteo público obterase unha letra do alfabeto a partir da cal o tribunal ordenará aos candidatos/as que, tendo a mesma nota, continúan empatados despois de aplicar os dous primeiros criterios previstos na base sétima, tomando en consideración a letra do primeiro apelido, despois a do segundo no caso de persistir o empate, e por último a do nome. Con tal motivo, introduciranse nunha bolsa tódalas letras do abecedario, comprobando previamente que todas están incluídas, de seguido remexeranse e unha persoa do público introducirá a súa man na bolsa para extraer unha das letras.

O presidente do Tribunal


Fabián Fernández Gómez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: CTGX9DAMKLYCMT697FZLC47GG | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1